

A Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación pon en funcionamento un servizo de conciliación para as mañás na EEI Barrionovo, na EEI Vilarrodís, no CEIP Galán, na EEI Larín, na EEI Lagoa e na EEI Rorís.

O servizo de "MAÑANCEIROS" consiste nunha atención para aquel alumnado que necesita estar no centro antes do horario lectivo e así poder facilitar ás familias a conciliación tamén nos horarios previos á xornada escolar.

**Como se pode acceder ao servizo?** Mediante inscrición en modelo normalizado. As prazas adxudícanse por rigurosa orde de inscrición (terase en conta a hora e data de entrada a través de correo electrónico ou de entrega no departamento de Educación). Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, as solicitudes inclúense en listaxe de agarda.

**Como se pode formalizar inscrición?** Entregando o modelo no Departamento de Educación, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ou enviándoo ao correo electrónico ([educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)).

#### Condicións xerais do servizo:

- Será necesario que exista un nº mínimo de persoas inscritas para a posta en marcha do servizo (5 persoas fixas).
- O servizo prestarase nos días lectivos estipulados no calendario escolar para o curso 2024/2025 pola Consellería de Educación.
- O servizo atenderá ao alumnado a partir das 7 horas (de forma xeral o horario de inicio adaptarase ás necesidades) e prestarase ata a hora de entrada que se marque como horario lectivo polo centro.

**Prezo Público:** O determinado pola ordenanza fiscal número 34 ou normativa que a substitúa. As contías vixentes actualmente son as seguintes:

- Servizo con almuerzo: 2,50 €/día
- Servizo sen almuerzo: 1,5 €/día

**Forma de pago:** Aos efectos de proceder ao pago do servizo, establécese o seguinte procedemento:

Nos 5 primeiros días de cada trimestre emitírase recibo cos días de asistencia solicitados. Os cambios de días de asistencia deberán comunicarse antes do día 25 do mes anterior ao inicio do servizo trimestral para que non se inclúan no recibo.

- A non asistencia ao servizo nos días solicitados non suporá a redución do prezo público.
- As familias comunicarán se prefiren recoller o recibo no departamento de Educación ou recibilo a través de correo electrónico.
- O impago dun trimestre implicará a baixa inmediata no servizo.

**Prazo de inscrición:** do 15 ao 26 de xullo ata completar capacidade. No caso de quedar prazas vacantes a inscrición poderá realizarse en función da demanda familiar ao longo de todo o curso.

SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN ARTEIXO CONCILIA – SERVIZO “MAÑANCEIROS”

CURSO 2024 / 2025 EEI BARRIONOVO – EEI VILARRODÍS - CEIP GALÁN- EEI LARÍN- EEI LAGOA  
E EEI RORÍS

|  |  |              |                   |
|--|--|--------------|-------------------|
| APELIDO 1  |  | APELIDO 2    |                   |
| NOME   | HOME <input type="checkbox"/><br>MULLER <input type="checkbox"/> | D.N.I.       | DATA DE NACEMENTO |
| CENTRO EDUCATIVO   |  |              | CURSO             |
| CONCELLO   | ENDEREZO   |              |                   |
| CÓDIGO POSTAL  | TELEFONO FIXO  | MÓBIL        |                   |
| NECESIDADES ESPECIAIS OU ALERXIAS:                               |  |              |                   |
| ALMORZO SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> |  |              |                   |
| CORREO ELECTRÓNICO   |  |              |                   |
| Nome e Apelidos do pai/nai ou titor/a legal                      |  | D.N.I./N.I.E |                   |

**Días de asistencia:**

| HORARIO     | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------|------|--------|----------|-------|--------|
| Fixo        |      |        |          |       |        |
| Discontinuo |      |        |          |       |        |

**Bases e requisitos:**

- Haberá que inscribirse obrigatoriamente Departamento de Educación antes de aboar a prezo público. A continuación deberá entregar o comprobante de pago no Departamento de Educación en horario de luns a venres de 09.00 a 14.00 h.
- A persoa asinante declara ser certos os datos achegados. No caso de que o Concello detecte falsidade en devanditos datos, o alumno causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución dos prezos públicos abonados.
- O Concello de Arteixo, resérvase o dereito a efectuar as modificacións no servizo que se consideren necesarias.
- O calendario de actividades será o establecido pola Consellería de Educación, coas vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa.
- INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS - ACTIVIDADES DE OCIO, CULTURA E DEPORTES

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA).

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facerlle partícipe da actividade promocionada descrita na presente solicitude, así como a xestión administrativa derivada da mesma. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado  
 PRAZO DE CONSERVACIÓN: os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: CONCELLO DE ARTEIXO cederá os seus datos de carácter persoal á empresa contratada para desenvolver a actividade, coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade

Asdo. .... Arteixo, .... de ..... de 2024